



A PROL DA CONCIENCIA DE LINGUA. POR UNHA VIDA PLENA EN GALEGO

"Porque, señores deputados, se os galegos aínda somos galegos, é por obra e gracia da linguaxe, porque un cultivo estético e científico da nosa lingua vén a ser a reconquista de todo canto tivemos, e porque perdéndose a nosa linguaxe, xa non nos quedaría ningunha esperanza de revivir. (...). O desprezo da lingua materna significa unha renuncia de dereitos, e provén dunha anestesia da dignidade colectiva".

Quen así se pronuncia é Alfonso Daniel Rodríguez Castelao nas Cortes Constituíntes da II República, desde o seu cargo de deputado, para defender unha emenda que se propón a tarefa de que se dignifique a nosa lingua, a lingua galega.

Hoxe, 87 anos despois, neste día das Letras Galegas de 2018, cómpre saírmos ás rúas desde o convencemento da necesidade de aínda loitarmos pola nosa lingua, por non renunciar aos nosos dereitos, por reanimar a voz durmida non só de quen non quere expresarse en lingua galega, senón e sobre todo de quen ten a responsabilidade de ofrecer a todas as persoas a posibilidade de vivirmos en galego.

A defensa da lingua materna faise desde as idades máis temperás. Non obstante, o que nos atopamos é que é máis doado a aprendizaxe do inglés ca a da lingua galega. Só un 4,6% da programación infantil na TVG2 é en galego. O futuro é máis incerto todavía, xa que sabemos que o Xabarín Club, nado no 1994, un dos programas máis emblemáticos, e que máis contribuíu á normalización da lingua galega, está en serio perigo de desaparición. Nas canles máis habituais de contidos infantís, CLAN TV, DISNEY CHANNEL, BOING, a lingua galega non figura como lingua de acceso a través de subtítulos. De feito, a programación infantil foi confinada en TVG2 para non acadar, sequera, un triste 1% dos contidos totais.

Para que exista normalidade no uso da nosa lingua, cómpre mecanismos correctores da actual situación deficitaria. É vital se queremos que a sensibilización, a concienciación e o uso da lingua galega sexan un hábito na cidadanía. E, desde esta óptica, é fundamental e imprescindible a actuación do máximo responsable político, a Xunta de Galicia.

Dáse un incumprimento das obrigas normativas por parte das administracións públicas en case todos os eidos da vida pública. Mais cómpre incidir en dous eidos que son poderosos conformadores de hábito e imaxinario: os medios de comunicación e a educación. Os informes da Mesa Pola Normalización Lingüística de Galicia e do Observatorio de Dereitos Lingüísticos son claros ao respecto: a lingua galega non coñece unha real igualdade co castelán.

A aparición da TDT supuxo a aparición dunha programación máis ampla. Mais, isto beneficiou á presenza da nosa lingua na oferta? Non. Se consideramos que un 90% da poboación galega vé a televisión a diario, resulta evidente que a ausencia de contidos en lingua galega (propios, dobrados ou subtitulados) supón unha lousa para a creación de hábitos lingüísticos e culturais.

Se lemos o último informe do Consello da Cultura Galega (CCG), comprobamos que, no caso do libro en galego, só podemos constatar o descenso de títulos (500 libros menos desde 2011), de traducións, de tiraxe, de editoriais e de axudas institucionais. Neste eido a lingua galega non resiste a comparación nin co éuscaro, nin co catalán. E neste eido vemos como as administracións públicas seguen recurtando o seu rol difusor e normalizador da lingua, xa que só entre o ano 2015 e o 2016, a edición pública diminuíu nun 26,5%, mentres que a privada o facía nun 11,9%. Cómpre mudarmos moito as políticas culturais e educativas a este respecto, para logramos que o 30% que non le nunca, lea e que o faga en galego. Unha das conclusións do informe do CCG non pode ser máis rotunda: "As políticas culturais en Galicia carecen dunha estratexia, diagnose, planificación e avaliación". Esta conclusión é dobremente válida para todo o que afecta á lingua galega.

O escenario dixital presenta importantes retos que cómpre tratar para que a nosa lingua non permaneza relegada nos algoritmos dos motores de procura máis importantes. De feito, se unimos a escasa incidencia da lectura da prensa a través de internet en Galicia á pouca presenza do galego da prensa en papel, o futuro para a nosa lingua é neboento e escuro.

Se as futuras xeracións teñen un acceso á lingua galega reducido nos medios de comunicación e de lecer, no sistema educativo as cousas non melloran, xa que medran nas franxas máis temperás (principalmente entre 3 e 6 anos) as persoas que se expresan de forma habitual en castelán.

Este monolingüismo castelán vese favorecido por unhas políticas educativas que infravaloran o estatus da lingua galega, tal como a existencia do Decreto do Plurilingüismo, fundamente perxudicial para a saúde da nosa lingua. Cómpre recuperarmos o camiño que se iniciara cos contextos de inmersión lingüística se queremos que a lingua galega coñeza unha situación plenamente normalizada. Necesario, ademais, para reducir a fenda lingüística, que é tamén social, que separa o eido rural do urbano en canto a uso do galego.

87 anos despois, as palabras de Castelao que abrían este manifesto de Esquerda Unida, son, aínda, moi precisas. Hoxe, cando se homenaxea a María Victoria Moreno, a cuarta muller en ser recoñecida no gran Día das Nosas Letras, cómpre enfatizar o relevo que adquire o seu exemplo que, sendo cacereña de nacemento, impartiu docencia en Galicia e animou o xénero do conto infantoxuvenil en galego.

Ogallá os nosos políticos e todas as persoas que teñen responsabilidade na normalización da nosa lingua, sexan quen de manter unha relación coa lingua galega e a nosa cultura análoga á de María Victoria Moreno, só así paliaremos a nosa débil conciencia de lingua, só así deixaremos, algún día, de reivindicar a posibilidade de vivirmos unha vida plena en galego.

Por iso, remataremos este manifesto coa declaración de María Victoria Moreno:

*A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua
é simplemente unha historia de amor*

Compostela, 17 de maio de 2018